

# Plan de

# Convivencia

CEIP Apóstolo Santiago

Rúa Proxecto Vagalume nº 2

CC 15015652

## ÍNDICE

1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO QUE CONTEXTUALIZAN A INTERVENCIÓN EDUCATIVA. **3**
2. ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA. **5**
3. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS. **13**

## 1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO QUE CONTEXTUALIZAN A INTERVENCIÓN EDUCATIVA.

Este apartado aparece definido no Proxecto Educativo do Centro

### **Necesidades básicas que cabería salientar**

As áreas de mellora actuais do centro pódense resumir en tres apartados:

- Persoal docente
- Persoal non docente
- Servizos complementarios

Respecto do **persoal docente**: O número de profesorado é escaso e fai que teñamos verdadeiras dificultades para levar adiante plans e proxectos organizativos e pedagóxicos.

Esta problemática veuse multiplicada xa que debido á organización desenvolvida por mor da pandemia, a carga horaria é superior a outros anos.

Na meirande parte do horario lectivo o profesorado está ocupado atendendo á súa aula, ou desempeñando as funcións propias dos cargos directivos ou de coordinación docente, quedando moi pouco tempo para realizar actividades que teñan un carácter relevante, Biblioteca, TIC's, plans ou proxectos de Innovación Educativa...

A atención ao alumnado con NEAE é insuficiente, non ten a calidade que nos gustaría. É preciso incrementar os recursos humanos , no centro, a todos os niveis.

Outra circunstancia que dificulta notablemente a cohesión do persoal docente é o elevado número de persoas que tendo destino definitivo neste centro están en comisión de servizos noutros destinos.

Respecto do **persoal non docente**, sería necesario a incorporación dunha persoa , aínda que fose compartida con outro centro, para realizar funcións administrativas e reducir dese modo a carga de traballo das persoas do equipo directivo .

A conserxería, o servizo de limpeza e a atención ao servizo de madrugadores e comedor son servizos externalizados polo Concello ás empresas Ferrovia e Alimentación Saúdable Galega. Esta circunstancia provoca unha situación complexa ao ter varias fronteiras coas que negociar para resolver os conflitos que poidan xurdir. Non están claras

as competencias de cada organización e resulta moi complexo saber quen ten a responsabilidade .

Ao ser persoas que traballan para empresas privadas ata o de agora non estaban representadas no Consello Escolar . Este sector fundamental da Comunidade Educativa só conta coa figura da persoa Auxiliar Técnica Educativa que se representa a si mesma.

## **Familias**

A maioría das familias que acuden ao noso centro son dos barrios de San Pedro e da Almáciga. Unha parte da nosa comunidade educativa incorpóranse ao noso centro de xeito tardío e os seus lugares de procedencia son maioritariamente América do Sur. Existe un número salientable de familias que acuden ao noso centro atraídas polo proxecto educativo, sobre todo polos valores relacionados co tema lingüístico - cultural e co tratamento do xénero e a igualdade.

Son maioritariamente familias dun nivel socio cultural medio- alto e a nivel económico, medio-baixo. Saben o tipo de educación que lles gustaría que recibiran as súas fillas e fillos .

Son, en xeral, familias moi activas e participativas. Participan de xeito habitual na vida do centro, a través da ANPA ou de xeito individual. Até o curso pasado estaban moi presentes nas dinámicas participativas do centro e ao longo deste trimestre a súa presenza seguiu sendo fundamental no funcionamento do mesmo, aínda que por mor da pandemia non puido ser presencial.

A maioría valora o enfoque metodolóxico e ideolóxico que caracteriza ao noso centro e que como xa comentamos, inclúe a utilización do galego e a revalorización da nosa cultura como xeito de chegar á valorización das que nos chegan dende outros lugares. Existe un número importante de persoas dentro da nosa comunidade educativa que valora enormemente o enfoque de xénero co que se pretende impregnar a nosa práctica educativa. Outro aspecto que destacan as familias é o respecto cara ás crianzas .

A relación entre o centro e as familias é en xeral de total colaboración e disposición por ambas partes ao entendemento e cooperación. O obxectivo común é o benestar do alumnado. A gran maioría das familias ten un gran compromiso co ensino público.

## 1.1. PROFESORADO DO CENTRO

O catálogo de postos de traballo do centro é como segue

EI	EP	LF	LI	MU	EF	PT	AL	OR	RE
4	5	1	1	1	1	1	1	1(Com)	1(Com)

Todas estas prazas están cubertas por profesorado definitivo, deles 5 persoas no curso 21/22 están en comisión de servizos noutros lugares.

## 1.2 NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO

Figuran no PEC

## 2. ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA.

### 2.1. COORDINACIÓN. ÓRGANOS DE GOBERNO, DE PARTICIPACIÓN E DE COORDINACIÓN DO CENTRO

O centro posúe os órganos de goberno establecidos na lei vixente. As súas funcións son as lexisladas na mesma.

As funcións dos órganos colexiados en relación coa convivencia no centro son os recollidos na lexislación vixente.

### 2.2. CANLES DE COORDINACIÓN

A coordinación é un elemento imprescindible para lograr un clima de convivencia no que todos e todas se sintan cómodos e respectados. Desde o punto de vista organizativo, será necesario que todos os estamentos do centro, que de algún xeito traballan pola mellora da convivencia, o fagan de forma coordinada.

**1º Nivel de coordinación:** Os problemas de convivencia nacen fundamentalmente en dous ámbitos: no entorno da aula ou nos espazos comúns. En todos eles se ve implicado

alumnado dun ou varios cursos. Isto fai que sexa a persoa titora a que tome as primeiras medidas.

**2º Nivel de coordinación:** O persoal docente implicado pon en comunicación da Xefatura de Estudos a problemática xurdida. Quen de acordo con eles resolverá.

**3º Nivel de coordinación:** Se hai que abrir procedemento disciplinario ou expulsar ata tres días o conflito pasa á Directora, quen convocará ao profesorado implicado e á Xefa de Estudos.

**4º Nivel de coordinación:** Se unha nai un pai, titora ou titor legal presentan solicitude de revisión contra a resolución transmitida pola dirección, esta pasa ao Consello Escolar do centro.

A convivencia será sempre o resultado da actuación coordinada dos distintos sectores da comunidade educativa, que se terán que implicar coa mesma intensidade na súa consecución. Desde o punto de vista das responsabilidades non definidas nas normas, e que ten moito que ver coa convivencia no centro, poderíamos concretalas en tres ámbitos:

#### **1º Ámbito de responsabilidade: a familia.**

A familia é a primeira responsable da educación dos seus membros, da transmisión de valores e da creación de actitudes de comportamento que melloren a convivencia.

A convivencia no centro pasa por poñer en práctica na casa un modelo de actuación respectuosa, solidaria, igualitaria, democrática e con normas.

#### **2º Ámbito de responsabilidade: a sociedade.**

O alumnado vive nun contorno social determinado polo propio hábitat, a regras sociais establecidas nel, os medios de comunicación cos que se relaciona, a xente coa que se relaciona... que de algún xeito lle van prefixando determinados tipos de comportamento. É, polo tanto, responsabilidade deste contorno traballar valores que os conduzan a convivir de forma pacífica, respectuosa, democrática, solidaria, non discriminatoria e igualitaria.

#### **3º Ámbito de responsabilidade: o centro.**

O centro recibe un alumnado, nado nunha familia concreta e pertencente a un contorno social determinado. O centro terá que dotarse dun bo Plan de Mellora da Convivencia e dun NOF adaptado, preciso e resolutivo.

## CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO

Baseándonos , en datos do centro, en datos recollidos nas aulas polo profesorado e nas memorias doutros anos do equipo de dinamización de convivencia, recolleamos, a continuación, determinados aspectos da convivencia no centro:

## ASPECTOS POSITIVOS DA CONVIVENCIA DO CENTRO

As familias son un exemplo de colaboración, cando se lles invita a participar en actividades programadas para o alumnado.

Ao longo do ano, celébranse diferentes actividades nas que se traballan de xeito transversal a educación en valores sociais e cívicos: pequenas dramatizacións, colaboracións entre diferentes niveis, saídas, conmemoración de datas relacionadas coa convivencia, etc.

A relación do centro coas familias mellorou nos dous últimos cursos e en relación a cursos anteriores.

## ASPECTOS QUE DEBEMOS MELLORAR DA CONVIVENCIA DO CENTRO

No centro existen conflitos, prodúcense faltas de conduta que pola súa reiteración poden conducir a faltas graves. Puntualmente, cometeuse algunha falta grave que foi informada e sancionada no seu momento.

Existen agresións, as máis comúns son físicas e verbais , como ameazar e insultar, dicir mentiras ou rumores, poñer alcumes. Existen faltas graves de xeito recorrente.

Os espazos onde se cometen máis faltas son: recreos, corredores, baños e transporte.

O alumnado coñece as condutas negativas pero poucas veces se recoñece autor delas.

Existe unha preocupación crecente, por parte das familias e do profesorado, polo uso indebido dos dispositivos electrónicos, xa que cada vez o alumnado accede á el a unha idade máis temperá, e este feito inflúe nas relacións que se establecen entre o alumnado.

No curso 20/21 elaborouse unha enquisa para concretar os usos e recursos electrónicos no alumnado do centro.

Moitos dos conflitos que xorden entre o alumnado, suceden durante o xogo, á hora de compartir e/ou por falta de autocontrol. Outros están relacionados co liderazgo.

A baixa autoestima, relacionada co rendemento académico ou coas características persoais, tamén orixina problemas.

A maioría do alumnado relaciona o concepto de convivencia coa expresión “portarse ben”. Consideran que unha boa convivencia consiste en cumprir coas normas da aula. O castigo é a consecuencia de “portarse mal”. Polo tanto, a palabra convivencia só se entende como “atención e cumprimento das normas”, non se ten suficientemente en conta a dimensión social do vocábulo, como base para a tolerancia, a amizade, a empatía, a solidariedade, etc... Iso non quere dicir, que non se dean situacións de verdadeira empatía, mostras de solidariedade, ou se fagan pequenas cesións para lograr un obxectivo común ou solucionar un conflito.

A maioría de condutas negativas suceden porque o alumnado, en moitas ocasións non emprega ou descoñece as habilidades necesarias para a resolución do conflito.

O alumnado que comete faltas de conduta algunha vez é rexeitado para determinadas actividades e outras veces retroalimenta actitudes non desexadas noutro alumnado.

A mobilidade do profesorado supón outro importante factor que dificulta a mellora da convivencia no centro.

## ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA E EFECTIVIDADE DE ESTAS.

Serán programadas de xeito periódico , que se concretará anualmente na PXA, actividades de cohesión grupal e de resolución de conflitos.

Estas actividades serán supervisadas documentalmente dende o departamento de orientación

O centro ten como liña de actuación participar nos contratos programa e plans de formación que fomenten a convivencia . Estarán recollidos cada ano na PXA



## **2.3.OBXECTIVOS XERAIS, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN**

### **2.3.1. PRINCIPIOS INFORMADORES E FINS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA**

(Artigo 3 da Lei 4/2011)

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

### **2.3.2. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA**

(Artigo 12 do Decreto 8/2015). O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

### **2.3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

#### **OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO**

1. Implementar medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
2. Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
3. Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección, así como quen as debe aplicar.
4. Coñecer o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito: convivencia, violencia, acoso...
5. Adquirir e implementar por parte do profesorado formación en materia de convivencia.

#### **OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO, RESPECTO AO ALUMNADO**

1. Desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais e do fomento do diálogo e a comunicación, así como a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
2. Facilitar espazos e tempos para que as crianzas falen con liberdade de normas e conflitos (sen que sexa preciso para elo concretar tipo de conflito- alumno implicado).
3. Reflexionar abertamente na aula sobre os conflitos que xorden.
4. Amoestar de xeito privado e individual, empregando a empatía e comprensión ante as explicacións ofrecidas, e manifestando a queixa de xeito asertivo (diferenciarase conduta de persoa: valórase a persoa e recrimínase a conduta)
5. Focalizar a atención sobre as condutas positivas en lugar das negativas, sempre que haxa conductas susceptibles de ser reforzadas positivamente.
6. Empregar o exemplo de si mesmo para mellorar a convivencia na aula.

## **OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO**

1. Participar no regulamento das normas de convivencia do centro e a aula e asumir as consecuencias derivadas do seu incumprimento.
2. Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
3. Utilizar o diálogo e o consenso como primeira estratexia de resolución de conflitos.
4. Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno: material e instalacións.
5. Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuízos.

## **OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS**

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA, comisión de convivencia...
  2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
  3. Implicarse e respectar as medidas de prevención propostas.
  4. Asumir as medidas de corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
  5. Formarse en materia de resolución de conflitos e convivencia escolar.
  6. Participar nas actividades encamiñadas a mellorar a convivencia no centro.
- Colaborar e asumir medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
4. Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

## **OBXECTIVOS PARA O PERSOAL NON DOCENTE**

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello escolar e comisión de convivencia.

2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, e poñelas en coñecemento do equipo directivo.
3. Implicarse e respectar as medidas de prevención propostas.
4. Asumir as medidas de corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
5. Formarse en materia de resolución de conflitos e convivencia escolar.

### **3. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS.**

#### **3.1. Actividades do plan de acollida para o alumnado. (VER PLAN DE ACOLLIDA)**

En xeral para todo o alumnado nos primeiros días de clase, para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

#### **3.2. Actividades do plan de acollida para o profesorado. (VER PLAN DE ACOLLIDA)**

##### **3.1.3. Plan de igualdade.( PENDENTE DE ELABORACIÓN)**

##### **3.1.4. Actividades que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.**

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Afondarase no modelo do *plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020)*, mediante o cal se propón o traballo desta problemática dende 6 ámbitos de actuación:

- 1 Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.  
Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos

Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.

- 2 Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

Adaptación de materiais de apoio e orientacións para afondar no desenvolvemento da competencia social e cidadá desde a igualdade e non discriminación.

- 3 Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).

Visibilización de roles non marcados na orientación educativa e profesional.

Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva

- 4 Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e repectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

Establecemento de ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.

- 5 Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).

- 6 Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.

Orientacións para favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos na reforma e creación de novos espazos: perspectiva de xénero na organización e no aproveitamento dos espazos.

Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos ( redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc).

- Elaboración dunha enquisa para a detección dos usos tecnolóxicos do alumando.

Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

- Celebración do día da familia.
- Conversas fiadas.
- Celebración do día do pobo cigano.
- Actividades encamiñadas a mellorar a convivencia no centro.
- Obras de teatro en prol da igualdade.
- Obradoiros inclusivos.

Actividades de cohesión grupal e resolución de conflitos.

Desenvolveranse de xeito periódico dinámicas de cohesión grupal e resolución de conflitos. Estas actividades serán supervisadas documentalmente pola xefa do departamento de orientación.

### **Aula de convivencia inclusiva.**

No centro, temos un aula situada no primeiro andar, ao lado da aula de A.L que podería usarse como aula de convivencia. No caso de que fose necesaria a súa utilización, o profesorado de garda encargaríase do seguimento do traballo proposto ao alumnado nese espazo, sempre que o procedemento corrector así o indique.

Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:

**O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.**

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro alumno ou alumna ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

De entrada temos que ter claro que para que haxa acoso teñen que darse as actuacións negativas recollidas anteriormente, de forma repetida e durante un tempo. É importante non confundir este fenómeno con agresións esporádicas entre o alumnado ou outras manifestacións de violencia, tamén esporádicas, cando non se dea inferioridade dun dos participantes no suceso.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima. Os criterios son:

1. A existencia de intención de facer dano. Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.
2. A repetición das condutas agresivas. A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo. É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.
3. A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras. Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.



Por outra banda, o acoso sole ter un compoñente colectivo, xa que os acosadores soen actuar en grupo e a situación sole ser coñecida por outros compañeiros ou compañeiras que actúan de observadores pasivos.

A agresión pode adoptar distintos tipos de manifestación:

Exclusión e marxinación social.

Agresión verbal.

Agresión física indirecta.

Agresión física directa.

Intimidación/ameaza/chantaxe.

Abuso sexual.

As consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- Para a vítima: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- Para a persoa ou persoas agresoras: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- Para o alumnado observador:: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

### **Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acosos escolar e ciberacoso.**

Seguindo as directrices que marca a lexislación vixente, dende o centro seguiremos o protocolo que establece a Xunta de Galicia respecto á prevención, detección e tratamento do acosos escolar e ciberacoso. Dito protocolo aparece recollido no seguinte enlace:

## **Protección integral das vítimas**

A Dirección do centro adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. O mesmo tempo arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes do acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

## **Plan de prevención e detección**

Co fin de previr situacións de acoso é necesario implicar coordinadamente a todo o sistema escolar, aplicando de xeito ordenado as seguintes estratexias:

### 1. No ámbito da titoría:

Elaboración de normas de aula que se valoraran quincenalmente (buzón do bo trato e do mal trato).

Favorecer o traballo cooperativo e colaborativo.

Establecer contratos de conduta nos que se impliquen ao alumnado acosador, ao titor ou titora e á familia, para desenvolver as habilidades sociais e solución pacífica de problemas.

Favorecer a autoestima do alumnado acosado encargándolle responsabilidades na aula e dándolle estratexias diante do acoso.

Toda a información que se transmita ao alumnado e familias farase a través da persoa titora.

### 2. No ámbito do Departamento de Orientación.

Facer un seguimento da evolución do alumnado acosado e acosador, coordinando as intervencións educativas.

Dinamizar as propostas de traballar habilidades sociais no ámbito das titorías con todo o alumnado, así como poñer en funcionamento os contratos de conduta.

Darlles estratexias de actuación ás familias, tanto das persoas acosadas como das acosadoras, unificando criterios co equipo directivo.

### 3. No ámbito da Equipa Directiva

Manter a observación e vixilancia atentas dos lugares e tempos nos que adoita producirse o acoso: cambios de clase, corredores, recreos, entradas e saídas e baños, comedor, etc.

Reestruturar, cando sexa necesario, os grupos de alumnos, tendo en conta sempre que os que deben cambiar de grupo son as persoas acosadoras e non as acosadas.

Poñer en marcha a mediación entre alumnado, profesorado e familias e para romper a dinámica da lei do silencio entreo alumnado de clase, implicalas a todas contra a intimidación.

Velar por que se desenvolva o Plan de Convivencia, para tentar alcanzar un clima de convivencia real, e facer prevención dos conflitos e acoso escolar.

Co fin de detectar posibles actuacións de acoso ou intimidación pasarase ao alumnado un cuestionario e un sociograma, co fin de apreciar problemas de convivencia e síntomas de violencia, intimidación ou acoso.

## **Protocolo da actuación no suposto de acoso escolar**

### **Paso 1. Identificación, comunicación e denuncia da situación**

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obriga de poñelo en coñecemento dun profesor ou profesora, titora ou titor ou equipo directivo. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará a Dirección do centro e, na súa ausencia ao resto do equipo directivo.

### **Paso 2. Actuacións inmediatas.**

Unha vez recibida a comunicación, a directora a titora ou titor á responsable de orientación e á Xefatura de Estudos, para analizar e valorar a intervención necesaria.

### **Paso 3. Medidas de urxencia.**

No caso de estimarse necesario, terán que adoptarse as medidas de urxencia necesarias para protexer a alumna ou alumno agredida e así evitar máis agresións:

Medidas que garanten a inmediata seguridade da alumna ou alumno acosada, así como medidas de apoio e axuda.

Medidas cautelares dirixidas á alumna ou alumno acosador.

### **Paso 4. Comunicación á familia.**

A dirección do centro, coa debida cautela e mediante entrevista, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, aportando información sobre a situación e sobre as medidas de urxencia que se están adoptando.

### **Paso 5. Traslado da situación ao profesorado do alumno ou alumna acosado e Inspector.**

A dirección informará da situación ao claustro . Ao mesmo tempo trasladará a información ao Inspector de Zona e, se se estima oportuno, a Asuntos Sociais e xudiciais en función da gravidade da situación.

### **Paso 6. Apertura dun procedemento disciplinario**

A dirección nomeará unha persoa instrutora, seguindo o sorteo desenvolvido ao principio de curso. Esta persoa non poderá pertencer ao equipo de profesorado do alumnado encausado. Este buscará a información necesaria nas seguintes fontes:

Recompilación da documentación existente sobre o alumnado. Opinións do profesorado.

Observación sistemática dos seguintes indicadores: en espazos comúns, na clase, en actividades complementarias e extraescolares.

Testemuñas.

Aplicación de cuestionario de preguntas.

Non obstante, ao longo de todo o proceso deberán considerarse os seguintes aspectos:

Garantir a protección das persoas menores.

Preservar a súa intimidade e a das súa familias.

Actuar de maneira inmediata.

Xerar un clima de confianza básicas.

Recoller todo tipo de probas e indicadores.

Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

### **Paso 7. Aplicación de medidas disciplinarias**

Unha vez recibida a proposta de resolución da persoa instrutora, a Dirección adoptará as medidas disciplinarias correspondentes.

### **Protocolo de Absentismo.**

O protocolo de absentismo será o seguinte:

Inicio e apertura de expediente de absentismo, por parte do profesorado titor, con comunicación á xefatura de estudos (dentro dos 7 días naturais seguintes á data de superación de faltas de asistencia sen xustificar)

Recopilación de información sobre as actuacións desenvolvidas, pola xefatura de estudos.

Entrevista coa familia por parte da persoa titora, para analizar e resolver a situación. No caso de solucionarse o problema, archivarase o expediente. A persoa titora levantará acta da reunión.

No caso de non producirse o arquivo do expediente, reunión coa familia por parte da xefatura de estudos, para tratar de buscar unha solución. De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e archivarase o expediente. A Xefa de Estudos levantará acta desta reunión.

A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo, indicando, cando menos:

- A data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento do horario lectivo mensual.
- A data de apertura do expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á superación da porcentaxe indicada no apartado anterior.
- No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.
- De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centro notificará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e ao Concello de residencia do alumno ou alumna, xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais dende o inicio do expediente de absentismo.

## **ACTUACIÓNS FORMATIVAS PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NO PLAN DE CONVIVENCIA.**

Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFP )

CONTRATOS PROGRAMA.

Normas de convivencia do centro.

## **NORMAS DE CONVIVENCIA**

### CLASES

O alumnado permanecerá nas aulas. Aquel profesorado que teña que cambiar de aula procurará facelo puntualmente. O profesorado que non teña outra actividade en aula distinta á que estea nese momento, deberá esperar co alumnado ata que chegue o profesor/a que vaia impartir clase nesa aula.

Durante o período de adaptación en 4º de EI e ata o remate do mes de setembro, o profesorado de apoio a EI axudará na medida do posible, neste período.

Non se permitirá que se consuman lambonadas no centro escolar, agás situacións excepcionais ou programadas polo persoal docente.

Durante o desenvolvemento das clases o alumnado non entorpecerá o labor do persoal docente nin o dos seus compañeiras ou compañeiros. Se o comportamento xeral do grupo impide o funcionamento da sesión esta poderá ser suspendida e substituída por outra.

Durante o desenvolvemento da xornada escolar, e por motivos de seguridade, o alumnado non poderá ter ningún tipo de xoia ou elemento que supoña riscos.

Todo o alumnado é responsable do mobiliario e material de clase, polo que deberá utilizalo de modo axeitado.

Durante o cambio de clase, e en ausencia do profesorado, o alumnado permanecerá sentado.

Non se poderá traer ao centro nen teléfonos móbiles nen outros dispositivos electrónicos sen autorización expresa do profesorado.

Non se permitirá o acceso ás aulas durante as horas lectivas a persoas alleas ao funcionamento do centro a non ser urxente necesidade, previa cita ou actividade organizada previamente.

Ningunha persoa pode retirar ao alumnado do centro salvo que sean as titoras legais ou aquelas expresamente autorizadas por escrito.

As normas da aula serán elaboradas e divulgadas polas persoas titoras en colaboración co alumnado.

Porase especial coidado en manter limpos os servizos hixiánicos, facendo un bo uso deles.

## RECREOS

O patio está dividido en 9 zonas. Cada zona ou dúas zonas serán vixiadas por unha persoa que se encargará de que se cumpran as normas que sobre os recreos se recollen neste regulamento.

Cando falte unhas das persoas encargadas da vixilancia, a xefatura de estudos designará a outra que a substitúa.

En ningún caso poderá haber alumnado nas dependencias do centro ( corredores, aulas..) sen vixilancia do profesorado. A mestra ou mestre que autorice nos tempos de lecer a permanencia nas aulas, deberá facerse cargo e permanecer na mesma.

Non están permitido traer material lúdico da casa, salvo excepcións autorizadas polo persoal docente.

No caso de utilizar material deportivo ou lúdico específico no recreo, devolverase ao seu sitio unha vez rematada esta actividade.

Todo o alumnado poderá participar nos xogos e deportes sen que se fagan discriminacións.

Non se pode subir aos muros que pechan o colexio.

No caso de que caia algún balón fóra do recinto escolar, comunicáraselle á persoa que estea vixiando. Que se encargará de xestionar o incidente.

Manteranse limpos os patios. Utilizaranse correctamente as papeleiras para a recollida selectiva de lixo.

Calquera nena ou neno lesionado acudirá ao persoal de garda, quen intervirá de acordo ao establecido no protocolo de emerxencia e co establecido no apartado relativo a asistencia a alumnado accidentado.

No caso de conflitos, as persoas encargadas da vixilancia actuarán tratando de solucionar o conflito, sendo comunicada a incidencia á persoa que impartirá clase despois do recreo e ao persoa titora. No caso de informar á Xefa de Estudos, si se considera oportuno, cubrirase un parte de incidencias.

O alumnado irá directamente para ás súas aulas ao rematar o tempo de recreo.

Os días de chuvia, utilizarase o pavillón polideportivo e a zona 2 (zona cuberta do patio exterior)

## ESPAZOS COMÚNS

Este apartado está recollido nas NOFC e na PXA



Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.

(D. 8/2015, 8 xaneiro)

### **Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

### **Medidas correctoras**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### **Responsables da aplicación das medidas correctoras**

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 do Decreto 8/2015.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 do Decreto 8/2015.
- c) A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos, ou a persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

d) A persoa titular da Dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 do Decreto 8/2015.

A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do Centro.

### **Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

#### **Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiare a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos

e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

### **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais**

-As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá

realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro. Esta medida terá carácter excepcional.

-Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

### **Aplicación das medidas correctoras**

- A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións correspondentes, tal como figura na Lei 4/2011 de Convivencia e participación da comunidade educativa.

### **Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).**

A designación da persoa que actuara como instrutora do procedemento corrector responderá ás directrices sinaladas nos puntos 3 e 4 do artigo 48 do DECRETO 8/2015, de 8 de enero, por el que se desarrolla la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar.

Para determinar a orde de designación destas persoas , a principio de curso realizarase un sorteo no Claustro , quedan excluídas do sorteo a persoa responsable do DO e as persoas que forman a Equipa Directiva.

### **Gradación das medidas correctoras (art.34)**

Para a gradación das medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia, e das condutas gravemente prexudiciais, tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

### **Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2º)**

Para o desenvolvemento do procedemento conciliado seguirase o regulado nos artigos 49, 50 e 51 do DECRETO 8/2015, de 8 de enero, por el que se desarrolla la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar.

### **Prescripción de condutas e de correccións (art. 56).**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescripción non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescripción no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro. (composición, funcións e periodicidade das reunións).

A Comisión de Convivencia ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este

ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na Lei de Convivencia, no Plan de Convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A Comisión de Convivencia estará composta polas persoas representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Para este ano académico, a súa composición é a seguinte:

Presidenta: Delfina Bañobre Durán

Secretaria:

Representantes do persoal docente:

Representante do persoal non docente:

Representantes das familias e da ANPA:

As funcións da comisión de convivencia serán as seguintes:

Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todas as persoas da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todas as persoas membras da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

Coiñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos da contorna.

A comisión de convivencia do centro, a través da comisión de coordinación pedagóxica fai propostas ao claustro para divulgar e dinamizar o Plan de convivencia.

Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

(reunións iniciais familias, a través das titorías, páxina web, trípticos informativos ...)

Será a comisión de convivencia, quen se vai encargar de todo o relacionado coa difusión das actuacións e actividades relacionadas coa convivencia e co Plan de convivencia do centro.

Para difundir as actuacións e os seus resultados emprega diferentes ferramentas como son:

Páxina web do centro.

Boletíns informativos.



Traballos de E. Artística: fotos, murais, dramatizacións, cancións.

Vídeos e presentacións, con contidos adaptados aos temas de interese, elaborados polo profesorado alumnado...

Elaboración de informes, cuestionarios e enquisas.

6.1.0. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.

Correspóndelle á comisión de convivencia o seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan, durante as sesións programadas para a súa reunión trimestral.

Para a avaliación da adecuación das medidas propostas, inclúranse indicadores de logro na redacción do plan anual de actuacións.

**Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices.**

**Ten en conta propostas do claustro.**

**Foi elaborado pola comisión de convivencia e informado polo consello escolar.**

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

**A concreción anual do mesmo inclúrase na PXA**

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 08/09/2021

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 08/09/2021